

**RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL**

<b>EXPEDIENTE</b>	2024042670
<b>ASUNTO</b>	Subministración, instalación e posta en marcha de catro analizadores automáticos de análise de fibra bruta, fibra neutro deterxente e fibra acedo deterxente de acordo cos métodos oficiais de referencia (ISO, AOAC).
<b>TRÁMITE</b>	Adxudicación do contrato

PMD/jsb

**A deputada delegada da área de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación, en uso das facultades delegadas pola Presidencia, dita a seguinte RESOLUCIÓN:**

A Deputación de Pontevedra, mediante Resolución Presidencial nº2024006710 de data 14/08/2024 aprobou o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, da Subministración, instalación e posta en marcha de catro analizadores automáticos de análise de fibra bruta, fibra neutro deterxente e fibra acedo deterxente de acordo cos métodos oficiais de referencia para a Finca de Mouriscade.

O procedemento convocouse mediante anuncio de licitación publicado no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 19/08/2024. Na mesma data, publicáronse no *Perfil de Contratación* os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa reunión de data 5/09/2024, procedeu á apertura dos sobres únicos, correspondentes coa documentación administrativa e ofertas avaliadas mediante criterios automáticos presentadas polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación a única empresa que achega oferta é: FOSS IBERIA SAU (A-08912909).

Xunto coa oferta económica, o licitador adxuntou as especificacións técnicas dos analizadores automáticos de obrigado cumprimento, conforme o esixido nos pregos e, na mesma reunión, a Mesa acordou remitir ditas especificacións técnicas ó servizo de Medio Ambiente para que procedesen á emisión do correspondente informe.

Con data 9/09/2024, a Xefa do servizo de Medio Ambiente emite informe favorable respecto das características técnicas ofertadas pola empresa FOSS IBERIA SAU (csv: 2DKV92YHVCVAN3U5).

Visto o informe favorable do servizo de Medio Ambiente, a Mesa de Contratación, na súa reunión de data 12/09/2024, procedeu a ponderación dos valores ofertados, conforme cos criterios de valoración automática, e clasificou por orde decrecente a oferta presentada e admitida, acordando propor ao órgano de contratación a adxudicación do contrato á empresa FOSS IBERIA SAU (A-08912909) polos prezos e valores ofertados.



Na mesma reunión, a Mesa de Contratación comprobou que a empresa proposta como adxudicataria atópase inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, quedando acreditado, ó tenor do recollido no mesmo, a súa capacidade de obrar, o poder do representante, e a ausencia de prohibicións de contratar. Asemade, a Mesa facultou ao secretario da mesma para que procedera a requirirlle, mediante comunicación electrónica, para que presentara o resto da documentación esixida, de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (NOT2024023449, de data 12/09/2024)

A empresa presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra mediante instancia xenérica (WEB2024058189 de data 16/09/2024), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento. Consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 4.352,20 € (carta de pago núm. operación 202400202398 de data 17/09/2024)

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indícarase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Polo exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; da base de execución do orzamento 16ª.1b), e da Resolución Presidencial número 2024005761, de 10 de xullo de 2024, de delegación de atribucións da Presidencia nos centros e áreas de servizos, **RESOLVO:**

**1.- Adxudicar o contrato** de "Subministración, instalación e posta en marcha de catro analizadores automáticos de análise de fibra bruta, fibra neutro deterxente e fibra acedo deterxente de acordo cos métodos oficiais de referencia (ISO, AOAC)" á empresa FOSS IBERIA SAU (A-08912909) polos seguintes prezos e valores ofertados:

Importe ofertado sen IVE	87.044,00€
IVE (21 %)	18.279,24€
Importe total ofertado	<b>105.323,24€</b>

A subministración dos 4 analizadores automáticos realizarase no prazo de 70 días, a contar desde a formalización do contrato, finalizando coa firma da acta de recepción dos equipos fornecidos, no que se constate a correcta execución do contrato.

#### **Financiación:**



Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2024	24/410.4120.623.01	105.323,24€

**Forma de pagamento:** TOTAL

O pagamento á empresa adxudicataria realizarase nun único pago contra a emisión da correspondente factura, tras a correcta recepción da subministración polo servizo xestor e correcta execución do contrato.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

**Lugar de presentación e forma da factura:**

As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	Lo2000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2024042670	
Órgano xestor:	LA0006120	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

**Responsable do contrato:** A xefa do servizo de Medio Ambiente da Deputación de Pontevedra, ou persoa en quen delegue.

A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra

*(Documento asinado electronicamente á marxe)*

*Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Presidencia, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo iso sen perxuro de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.*

